

## ANEXO: Exemplo de ITEMS para a ANÁLISE DAFO a partir do INFORME SELFIE

### ANÁLISE INTERNA: FORTALEZAS (+ Si, suficiente ...) , ou DEBILIDADES (- Non, insuficiente ...)

#### Organización e infraestrutura (A, B, C, D)

##### Área: A Liderado

**A1: Si/Non** existe unha estratexia dixital.

**A4: Suficiente/insuficiente** tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.

**A5: Si/Non** se coñecen os dereitos de autor.

**Si/Non** se contempla dentro do horario tempo adicado á comunicación.

**Suficiente/insuficiente** comunicación interna e externa.

O profesorado **Si/Non** se considera como conservador na adopción da tecnoloxía para a docencia e a aprendizaxe("Late Majority").

**Suficiente/insuficiente** tempo para:

- formacións específicas e máis completas.
- xestión de repositorios propios.
- trasladar a aula os cambios metodolóxicos.

**Si/Non** hai diferenza entre as distintas familias de FP respecto ao uso/aproveitamento/visión metodolóxica das TIC

##### Área: B Colaboración e redes

**B1: Si/Non** existe certificación en competencias dixitais.

**B2: Si/Non** existe de reflexión sobre TIC's.

**B3: Si/Non** existe colaboración con outras entidades.

**B4: Si/Non** existe colaboración con outros centros.

B: **Si/Non** existen canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro.

**Si/Non** existe cultura de traballo colaborativo en redes por parte do profesorado.

##### Área C: Infraestrutura e equipos

**C1: Si/Non** están actualizados os equipamentos e as redes

**C5: Si/Non Asistencia técnica insuficiente.**

**C7: Suficiente/insuficiente** Política de protección de datos

**C.12: Suficiente/insuficiente** Falta de formación sobre aprendizaxe mixta

**C.13: Si/Non** se contempla que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e poida utilizalos durante as clases.

**C.14: Suficiente/insuficiente** Carecemos de espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais

**C16: Si/Non** existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.

##### Área D: Desenvolvemento Profesional Continuo (DPC)

**Suficiente/insuficiente** participación en proxectos interdisciplinares.

**Suficiente/insuficiente** reflexión sobre as necesidades de DPC.

## ANEXO: Exemplo de ITEMS para a ANÁLISE DAFO a partir do INFORME SELFIE

### Pedagóxica e educativa (E, F, G, H)

#### Área E: Pedagogía: apoios e recursos

**E2:** **Suficiente/insuficiente** creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza.

**E3:** **Si/Non** se usan contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado

**E5:** **Si/Non** se utilizan recursos educativos abertos

#### Área F: Pedagogía: Implementación na aula

**F6:** **Si/Non** se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

#### Área G: Práctica de avaliación

**G1:** **Si/Non** se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.

**G3:** **Si/Non** se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado.

**G5:** **Si/Non** se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.

**G6:** **Si/Non** se utilizan tecnoloxía dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais.

**G.7:** **Si/Non** se promove polo equipo directivo o uso das tecnoloxías dixitais con fins de avaliación

**G.8:** **Si/Non** se facilita ao alumnado tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe

Redacción mais global dos anteriores:

**Suficiente/insuficiente** emprego de prácticas de avaliación facilitadas pola tecnoloxía, incluíndo información e retroalimentación ao alumnado.

**Suficiente/insuficientes** estratexias para facilitar a participación do alumnado en procesos de avaliación entre iguais

**Baixo uso da tecnoloxía para avaliar ao alumnado e para a retroalimentación nos seguintes aspectos:**

**autoavaliación e a avaliación entre iguais, destrezas dixitais, autoaprendizaxe, destrezas propias da materia, competencias, actitudes, ética e respecto da imaxe e dos dereitos de persoas, publicacións, actitude ante plaxios, uso de licencias abertas e software libre.**

#### Área H: Competencias Dixitais

**H.4:** O alumnado **Si/Non** aprende a comprobar si a información que atopa en internet é fiable e precisa.

**H.6:** O alumnado **Si/Non** aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet.

**H.7:** O alumnado **Si/Non** aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando tecnoloxías dixitais.

**H.8:** O alumnado **Si/Non** aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais.

**H.10:** O equipo directivo **Si/Non** se asegura de que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias.

**H.11:** O alumnado **Si/Non** aprende a codificar ou programar nin a resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar tecnoloxías dixitais

**H.13:** O alumnado **Si/Non** aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar tecnoloxías dixitais

Redacción mais global dos anteriores:

**Suficiente/insuficiente** verificación da calidade da información por parte do alumnado.

**Suficiente/insuficiente** comportamento seguro e responsable do alumnado.

**Suficiente/insuficiente** coñecemento sobre os dereitos de autor e licencias de uso, sobre os recursos dixitais

## ANEXO: Exemplo de ITEMS para a ANÁLISE DAFO a partir do INFORME SELFIE

**Si/Non** existen diferenzas notables no nivel de competencia dixital dun sector do profesorado.

**Si/Non** existen dificultades para medir as capacidades do alumnado desenvolvidas fóra do centro

**Suficiente/insuficiente** experiencia no emprego de plataformas educativas e/ou outros recursos dixitais por parte do alumnado e profesorado de xeito colaborativo

### Preguntas propostas polo centro educativo

**PFC:** O equipo directivo **Si/Non** promove o emprego de software libre no ámbito educativo

**PFC:** O alumnado **Si/Non** é coñecedor das vantaxes do emprego de software libre no ámbito educativo e/ou dispón deste tipo de ferramentas no centro.

**PFC:** **Si/Non** hai nas aulas do centro equipamento informático mercado polo propio centro.

### ANÁLISE EXTERNA: OPORTUNIDADES / AMEAZAS

#### CONSIDERACIÓNS sobre a selección de items para desenvolver as oportunidades (+) e as ameazas (-) :

1. Algúns dos items anteriores (fortalezas e debilidades) poden considerarse de orixe externo polo que pasarían a estar neste bloque.
2. Os elementos que se describen a continuación están vinculados ao funcionamento dun centro educativo e polo tanto á súa “dixitalización”. A redacción en positivo ou negativo da existencia, adecuación, coñecemento, formación, aplicación, e outros verbos similares de “acción”, poden levarnos ás oportunidades e ameazas.
  - Papel das autoridades educativas respecto do Plan Dixital
  - Grao de implantación da Imaxe dixital do centro
  - Situación laboral da plantilla docente e non docente
  - Grao de implantación dos recursos dixitais para desenvolver as distintas tarefas administrativas e docentes:
    - Comunicación
    - Traballo colaborativo
    - Avaliación cooperativa
    - Aprendizaxe mixta
  - Grao de apoio na lexislación
  - Nivel de financiación externa
  - Existencia / Participación en programas externos relacionados coas TICS
  - Programas da Consellería vinculados ás TIC como edixgal, espazos maker, ...
  - Nivel de participación da AMPA en relación ao eido dixital
  - Nivel de apoio/recursos das familias en relación ao eido dixital

## ANEXO: Exemplo de ITEMS para a ANÁLISE DAFO a partir do INFORME SELFIE

### Modelo de táboa para análise DAFO

| DAFO          |             |
|---------------|-------------|
| FORTALEZAS    | DEBILIDADES |
|               |             |
| OPORTUNIDADES | AMEAZAS     |
|               |             |

Acceso ao SELFIE:

<https://schools-go-digital.jrc.ec.europa.eu/coordinator/login?lang=gl>

Acceso ao Plan Dixital

<http://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital/>